

QUERES PARTICIPAR NA ELABORACIÓN DO CALENDARIO DO ANO 2026 QUE EDITA O CONCELLO DO ROSAL?

Envía fotos panorámicas do Rosal ao correo calendario2026@orosal.gal . Seleccionaremos as mellores para facer o calendario do ano 2026.

Desde hai xa tres anos o Concello do Rosal ven editando un calendario que se reparte de xeito gratuíto entre a veciñanza. As temáticas do calendario teñen como obxectivo afondar na identidade do concello desde diferentes puntos de vista. (Patrimonio, natureza, colectivos, etc)

Para elaborar o calendario do ano 2026 ábrese un proceso participativo co obxectivo de dar quen o desexe a posibilidade de participar na súa elaboración achegando fotos baixo o tema “**Panorámicas do Rosal**”.

Para acadar ese obxectivo propóñense as seguintes

BASES.

1. A participación está aberta a todo o público en xeral.
2. Temática única: **PANORÁMICAS DO ROSAL**. Imaxes do Rosal tomadas preferentemente desde puntos elevados ou con boas vistas nos que se recollan imaxes do concello e as súas parroquias desde diferentes puntos de vista. As imaxes deben estar no Concello do Rosal
3. As fotografías deberán ser en cor, estar tomadas en horizontal e ter unha calidade orientativa de 300 PPP
4. Cada participante poderá presentar un máximo de 10 fotografías.
5. Cada fotografía deberá ir acompañada dunha ficha na que se indique:
 - a. Nome do autor ou autora, correo electrónico e teléfono
 - b. Nome e localización do camiño. No caso de que non se coñeza o nome, poderase dar a localización coa maior precisión posible. (lugar, coordenadas, etc)
 - c. Data na que foi tomada a foto.
6. As fotografías deberán ser enviadas en formato dixital na dirección de correo electrónico: **calendario2026@orosal.gal** con data límite do día 31 de outubro de 2025 ás 24:00 h.
7. Entre todas as fotos presentadas farase unha selección de 13 fotografías que formarán parte do calendario editado polo Concello do Rosal para o ano 2024.
8. A selección das fotos será realizada por un xurado formado por persoal municipal e fotógrafos do concello, de acordo aos seguintes criterios:
 - a. Calidade técnica e artística.
 - b. Procurarase que as fotos seleccionadas representen a meirande variedade de camiños posibles en canto a localizacións.
9. Os/As autores/as das fotos seleccionadas dan permiso ao Concello do Rosal para empregar as fotografías durante un período de dous anos a partir do momento da comunicación da selección para a elaboración do calendario do ano 2026, así como nas publicacións que teñan como obxectivo promocionar o citado calendario.